



DATOS IDENTIFICATIVOS

Discapacidade e educación social

Materia	Discapacidade e educación social			
Código	O05G130V01909			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González Fernández, Antonio			
Profesorado	González Fernández, Antonio			
Correo-e	aglez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende proporcionar, de forma xeral, unha aproximación á discapacidade, abordando os seus determinantes epistemolóxicos, psicolóxicos e sociais, así como as principais medidas de intervención e tratamento.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
C20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D8	Capacidade crítica e autocrítica
D10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
D15	Creatividade
D20	Orientación á calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O alumnado terá coñecementos das bases legislativas que regulan a discapacidade	A1 A2 A5	B4		D8 D10
O alumnado será capaz de realizar unha delimitación conceptual de discapacidade, ademais de realizar unha clasificación dos tipos e coñecer as necesidades educativas especiais que, xeralmente, demandan.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C5 C10 C20	D4 D8 D10 D20
O alumnado ha de ser capaz de deseñar, planificar e intervir con persoas que presentan necesidades educativas especiais.	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C5 C10 C20	D1 D4 D8 D10 D15 D20

Contidos

Tema	
Aproximación conceptual á discapacidade: definición e clasificación.	Concepto. Tipos.
Necesidades educativas especiais	Delimitación conceptual. Modalidades.
Programas no marco da discapacidade: deseño, planificación e intervención.	Elementos dun programa.
Bases legislativas en discapacidade.	Normativa nacional e autonómica.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	17	50	67
Lección maxistral	22	0	22
Seminario	5	0	5
Exame de preguntas obxectivas	1	50	51

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Traballos de aula e titorías de grupo. Avaliarase o nivel de construción de coñecemento e a autonomía persoal. Tamén a capacidade de integración de información e de redacción final da mesma.
Lección maxistral	Presentación, por parte do profesor, das temáticas básicas da materia. Asistencia e participación.
Seminario	

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Durante a súa elaboración, levarase a cabo un seguimento individualizado a través do correo electrónico, das titorías e nos Grupos Medios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballo tutelado	Un ou dous traballos grupais. Avaliaranse no produto final (PDF) os seguintes aspectos: adecuación do índice e dos contidos ao esquema presentado; utilización dos documentos propostos; fiabilidade das fontes utilizadas; relevancia dos contidos, en especial para a educación social; seguimento da normativa (APA ou similar), especialmente en citas e referencias; coherencia e corrección na redacción final do manuscrito.	40	B3 B4 B5 B6	C5 C10 C20	D4 D8 D10 D15 D20

Seminario	Titorización de traballos e presentación do produto final elaborado.	20	A1 A2 A3 A4 A5	B4	C1	D1
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test que avalía o grao de coñecemento dos contidos da materia	40		B4	C5 C10	D20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para que se contabilice na nota final a proba tipo test, a/o estudante deberá obter nela (polo menos) unha nota de 5 puntos sobre 10. En caso de non superar o exame tipo test, na acta aparecerá a nota obtida no exame.

Para calcular a nota final da materia, computaranse conxuntamente as probas de Traballo tutelado (4 puntos) e de Seminario (2 puntos). Polo tanto, cunha puntuación conxunta igual ou superior a 3 puntos, consideraranse "Aprobadas" ambas probas.

Indícase, así mesmo, que se conservarán as cualificacións das competencias logradas na primeira convocatoria para a convocatoria de Xullo, na cual as alumnas e os alumnos (coa materia suspensa en decembro) serán avaliadas/os só das competencias/probas non superadas na convocatoria anterior. Para o traballo tutelado suspenso, indicaranse os aspectos xerais que deben ser mellorados.

As/os **estudantes non asistentes** deberán presentarse á proba de tipo test co mesmo temario e tipo de preguntas que os asistentes (ata 40% da nota); tamén se lles poderá entregar algún outro material (adicional ao do alumnado asistente) para este exame final.

Ademais, deberán entregar algún(s) traballo(s) de investigación teórico-práctico(s) sobre algunha das temáticas da materia (ata 25% da nota). Este(s) traballo(s) deberá(n) ser previamente consensuado(s) co docente da materia polo menos 2 meses antes do exame coa finalidade de poder levar a cabo una titorización adecuada do(s) mesmo(s) durante este período de 2 meses (polo menos, con 2 tutorías presenciais). A actividade de "Presentación" será obrigatoria para o alumnado non asistente. Nela, a/o estudante non asistente presentará o(s) seu(s) traballo(s) e relacionaráo(s) con diferentes temas do temario (ata o 15% da nota).

As **datas do exame final** correspondente ás convocatorias de decembro-xaneiro e xuño-xullo poderanse consultar no taboleiro de anuncios da Facultade de Educación e Traballo Social de Ourense e tamén na súa web.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

López-González, M., López, M. y Llorente, V. J., **La discapacidad: aspectos educativos y sociales**, Aljibe, 2009

Fernández Jiménez, C., **Capacidades diversas y Educación Social**, Pirámide, 2019

Bibliografía Complementaria

De Pablo Blanco, C., **Manual práctico de discapacidad intelectual**, Síntesis, 2010

First, M., **DSM-5: Manual de diagnóstico diferencial**, Médica Panamericana, 2015

Etxeberría, X., **La convención sobre los derechos de las personas con discapacidad: la perspectiva ética.**, 2011

Gaona, S. X. B., & Jenkins, B. C., **Comunicación sexual: diferencias entre padres de hijos con y sin discapacidad.**, 2018

Salmón, I. H., & Premia, S. R., **Una mirada inclusiva hacia la normativa educativa: limitaciones, posibilidades y controversias.**, 2017

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas/O05G130V01303

Estratexías de aprendizaxe en contextos socioeducativos/O05G130V01403

Avaliación de programas socioeducativos/O05G130V01901